



CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)

Praza do Concello, nº 1 - C.P. 27740

Tfno.: 982 524 003 - Fax: 982 507 421 - e-mail: [concellomondonedo@gmail.com](mailto:concellomondonedo@gmail.com)

## BANDO

### AXUDAS PARA A PLANTACIÓN DE ESPECIES FRONDOSAS E CONÍFERAS

**DON MANUEL ÁNGEL OTERO LEGIDE, ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO), FAI SABER:**

Que o mércores 7 de decembro de 2022 saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Medio Rural sobre as axudas para plantación de especies coníferas ou frondosas en parcelas agrícolas identificadas no Sixpac como forestal, pasto con arboredo ou pasto arbustivo. Código procedemento: MR670B

#### BENEFICIARIOS:

Poderán ser beneficiarios desta subvención as persoas físicas ou xurídicas, sociedades de fomento forestal, os propietarios particulares de forma individual, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo as comunidades de bens, outras persoas xurídicas e as comunidades de montes veciñais en man común.

#### CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda será do 100%, e a axuda calcularase sobre o custo real subvencionable do investimento determinado, IVE excluído.

#### GASTOS SUBVENCIONABLES

##### **1.-Gastos da plantación forestal e da área de defensa contra incendios forestais.**

Estes gastos incluírán o necesario para o tratamento da vexetación preexistente, a preparación previa do terreo, adquisición de planta así como os de plantación propiamente dita e a área de defensa contra incendios forestais.

O valor máximo do investimento é de 1.853€/há en especies coníferas e 2.398€/há en especies frondosas

**2.- Infraestructuras de acompañamento, obras complementarias e cartel das plantacións.** Deberán localizarse dentro ou estremeiras con área obxecto da plantación.

O valor máximo do investimento é de 255€/cartel, 7.580€/km de arranxo de pista forestal

**3.- Os honorarios de redacción de proxectos. O valor máximo do investimento é de 47,85€/há**

**4.- O IVE non é subvencionable.**

A densidade máxima da plantación deberá ser de 1.100 plantas/há no caso das coníferas e de 625 plantas/há para as frondosas.

#### PLAZO DE SOLICITUDES:

O prazo para presentación de solicitudes será de **30 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación de dita orde no DOG que foi o día 07/12/202.

O que se fai público para xeral coñecemento

Mondoñedo, na data da sinatura  
Asdo: O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide  
(Documento asinado dixitalmente á marxe)

